




A MEZQUITA, TERRA DE SOUTOS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 25 km en coche + 7 a pé

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada



Penedo dos Tres Reinos, a 1.025 metros de altitude, integrado no sistema montañoso da serra de Marabón, na fronteira entre os tres antigos reinos medievais de Galiza, Portugal e Castela

Un percorrido para coñecer algúns dos lugares e obxectos de interese que acolle esta estrema do país. Case todo o percorrido se fai por dentro, ou polas beiras, do LIC Pena Maseira: unha zona de media montaña de relevo suave das serras da Azureira, o Penedo dos Tres Reinos e a da Esculqueira; e o curso alto dos ríos Cádavos ou Açureira e Parro ou das Veigas, afluentes do Rabaçal, da cunca do Douro, que limita co parque natural portugués de Montezinho.

Un espazo de horizontes abertos e cumes pouco destacados, descarnados polo efecto da erosión e das queimas sistemáticas practicadas para poder manter a actividade gandeira da zona, o pastoreo de gando miúdo, no que a vexetación predominante é o mato de xestas, uces, carqueixas, carrascos, tomelos... e pequenas zonas cubertas de herba nas partes nas que se acumula auga no inverno; a presenza de árbores case está limitada ao fondo dos vales, as beiras dos ríos, os soutos e os lindeiros nos que se atopan maiormente cerquiños e bidueiros. As maiores superficies arboradas son as ocupadas polos soutos que rodean as poboacións nos que se agochan castiñeiros monumentais creados polo paso dos anos, séculos en moitos casos, e o traballo da xente para poder facer deles o dobre aproveitamento froiteiro e forestal (catro están incluídos no último catálogo de árbores senlleiras de Galiza e moitos máis poderían estar polo seu porte e as súas dimensións). Uns castiñeiros de toros impresionantes, algúns con nome propio e historias de grandes colleitas, nos que se reflicte o paso do tempo, os malos tratos da idade e nalgúns casos os anos de abandono.



Castiñeiro en Chaguazoso.

À entrada da localidade, vindo de Cádavos ou de Manzalvos, subindo polo camiño que hai ao pé da fonte, á esquerda. Mide 9,30 m de perímetro. Polos arredores hai varios cun perímetro entre 7 e 8 metros..

COMO CHEGAR:

Comezamos a viaxe na **Mezquita**, que se atopa a uns 5 km da saída 120 da autovía do Noroeste, para facer un percorrido, que tamén forma parte da Ruta europea da castaña, e visitar as localidades do sur do concello, uns conxuntos urbanos con algunhas casas de boa factura aínda que moitas delas baleiras, e dirixímonos a **Cádavos**, uns 8 km, onde se atopan dous castiñeiros protexidos e un dos puntos de partida para a camiñada de sete quilómetros, ida e volta, por unha pista de terra en bo estado, apta para vehículos máis da metade do traxecto, e sinalizada polo concello, ao **Penedo dos Tres Reinos**. Un fito histórico que aínda que perdeu parte do seu significado segue a ser fronteira entre Galiza, Portugal e a comunidade de Castela e León. De Cádavos continuamos a **Manzalvos**, uns tres quilómetros, desde onde tamén se pode facer o camiño ao Penedo dos Tres Reinos, e onde se atopa outro castiñeiro protexido. De Manzalvos seguimos a **Chaguazoso**, cinco quilómetros aproximadamente, que se atopa na aba do Cabezo un cume coroado por un castro. En Chaguazoso podemos visitar O Mola outro castiñeiro protexido que xa rindeu a súa derradeira primavera, pero onde hai outros de entre 9 e 10 metros de perímetro. De Chaguazoso imos á **Esculqueira** para completar o percorrido polo sur do territorio da Mezquita, na metade do traxecto cruzamos o **río Parro ou das Veigas** por un punto no que hai unha área de lecer con zona de baño e unha curiosa pontella. Desde a Esculqueira volvemos, por unha estrada desde a que se abrangue todo o espazo do concello, de Portugal á serra do Canizo e o porto da Canda, á Mezquita para pechar o círculo e completar o percorrido no que podemos empregar unhas cinco ou seis horas.



Pequena ferverza e área recreativa no río Parro ou das Veigas.



Paisaxe da Mezquita onde se aprecian os perfís suaves dos montes e os campos de centeo. O centeo é o único cultivo que ocupa extensións importantes nesta zona.



Castiñeiro das Necas ou do Prado da Ponte. Ten case 10 m de perímetro. Atópase ao pouco de empezar o camiño do Penedo dos Tres Reinos, á esquerda da pista. Está incluído no catálogo de árbores senlleiras de Galiza.



Castiñeiro do souto dos Trogais. Ten 10,80 m de perímetro. Para velo hai que subir polo camiño que se atopa xusto ao pé do indicador do Penedo dos tres Reinos, ao pasar a ponte. Atópase na parte alta do souto tamén á esquerda do camiño. Antes de chegar a el hai outro, de dous brazos, de máis de 9 m de perímetro. Está incluído no catálogo de árbores senlleiras de Galiza.



Castiñeiro da Ribeira en Manzalvos. Ten un perímetro de case 11 m. Atópase nun prado á esquerda da estrada que vai de Manzalvos a Chaguazoso, un pouco despois de saír da localidade e antes de chegar ao río. Está incluído no catálogo de árbores senlleiras de Galiza.



O Mola. (Chaguazoso). de 9,4 m de perímetro. Está incluído no catálogo de árbores senlleiras de Galiza, pero está case seco.

Castiñeiro en Chaguazoso. Este castiñeiro de 9,2 m de perímetro atópase no souto que hai ao pé do cemeterio de Chaguazoso á esquerda da estrada que vai á Esculqueira.

